

1º ESO
EXERCICIOS RESOLTOS-4ª SEMANA DO 14 DE MARZO AO 17 DE ABRIL

1ª SESIÓN:

Esperamos fixerades con moita atención a tarefa da primeira sesión semanal e que os vosos exercicios estean revisados e corrixidos.

2ª SESIÓN:

TEMA 8: A voz narrativa (páx.149).

Exercicios resoltos

1.- Determina a que voz narrativa corresponden os seguintes fragmentos literarios e explica por que.

Era unha sorte que Harry tivese agora a Hermione como amiga. Non sabía como conseguiría facer os deberes sen ela, con todo aquel adestramento de quidditch de última hora que organizaba Wood. J. K. Rowling: <i>Harry Potter e a pedra filosofal</i> .	Voz narrativa externa en 3.ª persoa.
Escribir na web era divertido. Lakshmi botábame unha man e miña mai deixoume unha cámara que tiña do traballo para facer algunhas fotos [...]. Miña mai explicoume que nunha web é importante non pór textos moi longos porque a xente non ten paciencia para ler moito na pantalla do ordenador. María Reimóndez: <i>Volvo! O regreso de Usha</i> .	Voz narrativa personaxe en 1.ª persoa.
Hoxe toca xogar lonxe, así que a viaxe será pesada. E seu pai empeñouse en ir a este partido, mais terá que ir el só no coche, porque Suso, o adestrador, prefire que os xogadores vaian todos xuntos no autobús e as prazas sobrantes están cubertas por algúns da directiva e por familiares que van sempre. Silvestre Gómez Xurxo: <i>Déixao medrar</i> .	Voz narrativa testemuña en 3.ª persoa.
Aquí a xente parece moi túzara, moi bruta, e xúroche que non é mexericada nin nada polo estilo. O parvo de Arturo presumía o outro día da pelexa que tivo nunha excursión con outros rapaces dunha aldea veciña, xa ves se diso se pode presumir. Conchi Regueiro: <i>A herdanza do Marqués</i> .	Voz narrativa testemuña en 1.ª persoa.

2.- Mudando a voz narrativa poden mudar moitos aspectos nun texto. Para comprobalo, escribe este conto desde o punto de vista das vacas.

A historia dos touros bramadores

Unha vez había dous touros nun prado. Querían demostrarnos a nós, as vacas, o fortes que eran. Un púxose a bramar: “Son máis forte ca ti! Pódote tirar ao chan se quero!”. E o outro bramou: “Non, eu son máis forte! Podo botarte polos aires cos meus cornos se quero!”. Nós ollabamos abraiadas desde o valado e os touros seguían bramando. Un bramou: “Podo pisarte e coverterte en puré se quero! E o outro respondeu: “Podo queimarche o peello co meu bufido se quero!”. E as vacas no valado puxémonos a moar cheas de abraio. Os touros seguiron a bramar até quedaren roucos. Ao final non fixeron máis que discutir. Un berrou: “Podo mover os ollos nas órbitas de tal maneira que o medo faga que te escondas no burato dun rato, se quero!” E o outro berrou: “Podo tocarte coa punta do rabo con tal forza que saias disparado até a lúa, se quero!”. Daquela comezamos a aburrirnos con tanto bramido sen sentido. Démoslles as costas aos touros, que seguiron bramando a soas.

3ª SESIÓN:

Reforzo de competencias: Mil familias galegas abastécense a través de colectivos de consumo responsable e agroecolóxico. (páx.151)

Exercicios resoltos

1.- Busca no dicionario en rede o significado destas palabras e expresións.

Cooperativas: modelo de organización empresarial en que os/as traballadores/as e os/as consumidores/ as se unen para producir e adquirir produtos en común.

A granel: sen envase.

Voceiro: representante, portavoz.

Esmagar: presionar unha cousa para desfacela.

Ínfima: extremadamente pequeno.

2.- Organiza as seguintes etiquetas segundo a orde de aparición no texto da información á cal aluden.

Numerosas familias recorren ás cooperativas de consumo responsable.

Consumir os produtos propios de cada estación contribúe ao aforro.

O incremento do número de colectivos agroecolóxicos está relacionado coa vida saudábel.

A calidade dos produtos agroecolóxicos supera á doutros produtos.